

BOLETÍN DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DO CONCELLO DE BURELA

XANEIRO 2010

A IMPORTANCIA DOS XOGOS E XOGUETES



CANDO ELIXAS OS XOGUETES TEN EN CONTA:

- Que sexan para nenas e nenos indistintamente, sen diferenzas en función do sexo.
- Que favorezan a súa autonomía persoal.
- Que sexan variados e se adecúen ás preferencias persoais.
- Que fomenten a creatividade e o desenvolvemento de habilidades.
- Que faciliten a relación, a cooperación, a comunicación e non empreguen a violencia.

Contido:

- A importancia dos xogos e 1 xoguetes.
- Inicio dos Cursos de Bailes de Salón e Bordado. 2
- As mulleres teñen forzas que debemos saber valorar.

CIM DE
BURELA:
doce anos
na procura
da
igualdade!



Delegación de Igualdade Concello de Burela

INICIO DOS CURSOS DE BAILES DE SALÓN E DE BORDADO

O luns día **11 de xaneiro** deu comezo a segunda quenda das clases de bordado que estaban previstas para esta tempada 2009-2010 dentro dos cursos de tempo libre para mulleres que organiza o noso Centro de Información ás Mulleres.



Vai desenvolverse nos locais municipais situados ao lado da Fundación Exumar todos os días en horario de mañá e tarde.

O mércores día **13 de xaneiro** deu comezo a actividade de Bailes de Salón.

Este curso desenvolveuse nos baixos do local das Asociacións (antiga Praza de Abastos) todos os mércores dende o 13 de xaneiro ata o 28 de maio, tendo como horario de inicio as 21:00 horas.



Para máis información, aquelas persoas inscritas poden poñerse en contacto co Centro de Información ás Mulleres no teléfono 982.58.06.09 ou ben en persoa na Casa do Concello.

**AS MULLERES TEÑEN FORZAS QUE
DEBEMOS SABER VALORAR**



**Aguantan dificultades, levan grandes cargas,
na procura da felicidade, o amor e a dita.**

**Sorrín cando queren chorar, choran cando están felices e
rín cando están nerviosas.**

**Loitan polo que cren,
non aceptan un "non"
cren que hai outra
O seu corazón quebra
perda dun ser
dunha amizade.**



**enfóntanse á inxustiza,
por resposta cando elas
solución mellor.**

**facilmente, sofren coa
querido, ou coa perda
Sen embargo son fortes**

cando pensan que xa non hai máis forza.

**Saben que un bico e un abrazo poden axudar a curar un
corazón roto.**



Centro de
Información ás Mulleres
do Concello de Burela

**CIM DE BURELA:
doce anos na
procura da
igualdade!**



Casa do Concello, Eijo Garay, 20.
27880 Burela (Lugo)
Teléfono/fax: 982 58 06 09
Correo: cim@burela.org



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade